

De como a literatura transforma a vida das persoas: a lectura na obra de Agustín Fernández Paz

(How literature Changes people's lives: Reading in the works of Agustín Fernández Paz)

Montse PENA PRESAS

Grupo RODA

Departamento de Didácticas Aplicadas.USC

“De meu pai aprendín que a lectura, por riba de todo, nos ensina a vivir”

Agustín Fernández Paz. *O rastro que deixamos*

RESUMO: Este artigo parte da constatación de que a maioría das obras de Agustín Fernández Paz conteñen numerosísimas referencias aos libros e á lectura. Tras unha concisa explicación das trabes da escrita deste autor, explóranse as posibles funcións que a referencia a obras esenciais da literatura ten na súa produción, partindo tanto do que ten achegado a antropoloxía da lectura, como dos propios textos do autor. Igualmente, resáltanse as estratexias empregadas para achegar a mocidade á lectura. En consonancia con isto, deféndese a idea de que parte importante da súa laboura creativa se pode entender como un completo plan de animación á lectura ideado para o lectorado novo.

ABSTRACT: This article is based on the observation that most of the works by Agustín Fernández Paz include a great many references to books and reading. After briefly explaining the characteristics of this author's writing, we explore the role that these references to essential literary works play in his production on the basis of their approximation to the anthropology of reading and to his own texts. In line with this, it is argued that a large part of his creative work may be interpreted as comprehensive plan to promote reading and engage new readers.

PALABRAS CHAVE: Agustín Fernández Paz, animación á lectura, antropoloxía da lectura.

KEY WORDS: Agustín Fernández Paz, promotion of reading, anthropology of reading

Ler coma quen come pan: nos alicerces do escritor

Ler era para Agustín Fernández Paz unha actividade semellante a comer: precisábao dende ben novo, do mesmo xeito que se precisa respirar. O costume adquirírao de neno, por imitación a seu pai, un carpinteiro vilalbés que gozaba tendo un libro entre as mans e que marcou a lume as lecturas de formación do seu fillo, nas que reinaban edicións populares, mais moi coidadas polo seu propietario, de escritores clásicos da literatura xuvenil, como Verne, Poe, Salgari ou Dumas, cun Wenceslao Fernández Flórez polo medio. Nos anos cincuenta e principios da década dos sesenta, os dous andeis cheos de libros que había na casa do

cativo Agustín¹ eran unha sorte, case unha chiscadela do destino, no seo dunha familia traballadora como era a súa. Tamén o era ter un pai que soubera contar, que soubera contaxiar o vicio de imaxinar mundos posibles, que soubera provocar o desexo lector. O desexo, dende logo, prendeu e a chama estendeuse no colo de todas as lectoras e lectores que tivemos un libro seu entre as mans grazas, en boa medida, ás numerosísimas remisións a textos literarios que a súa obra contén.

Noutro lugar² apuntei que tres das trabes principais da súa escrita eran a tradición, a reivindicación e a renovación. A primeira porque pon de manifesto que o autor explícita conscientemente o seu contexto cultural, o seu punto de partida. Esta teima por ensinar ao público lector a cultura galega que o precede maniféstase en forma de cita recorrente a algúns dos seus autores e autoras galegas predilectas: Rosalía de Castro, Cunqueiro, Castelao e Otero Pedrayo, que lle prestan enfoques ou lle facilitan motivos, mais que sobre todo visibilizan os seus alicerces. Hai unha lingua cunha tradición literaria poderosa e imos darlle forza, semellan dicirnos moitas das súas páxinas. A reivindicación da cultura galega, mais tamén a reivindicación de que escribe, primariamente, para un público moi concreto: o lectorado infantil e xuvenil, destinatario dun tipo de literatura que ten xa tamén unha importante bagaxe detrás. Non por acaso, moitos dos libros que se citan nas súas obras pertencen a este campo literario e son de autores como Gianni Rodari (sen dúbida, un dos seus predilectos), Peter Härtling, Roald Dahl ou de autoras como Judith Kerr ou Christine Nöstlinger, que marcan un camiño de suxerentes estrelas ao que se convida a seguir ao lectorado.

Por outra banda, a renovación que supuxo a súa escrita a finais dos oitenta e comezos dos noventa vai axudar a que se produza un aumento significativo de público lector novo en galego (motivado en gran medida polos cambios legais³ que, dende comezos dos anos oitenta, posibilitaron que o galego fose materia e lingua vehicular nas diferentes etapas do ensino), mais sobre todo vai propiciar que este público acceda a subxéneros antes inexistentes en lingua galega, como o misterio, o terror, o realismo en que os grupos de rapaces e rapazas teñen protagonismo, o ecoloxismo ou mesmo o amor.

Escritoras como María Victoria Moreno, Helena Villar ou Fina Casalderrey, escritores como Xabier P. Docampo, Paco Martín e Miguel Vázquez Freire (só por citar algúns dos que máis se asemellan á figura de Fernández Paz pola súa dobre –ou tripla– condición de mestres, redactoras de material didáctico e creadores

1. Delongada información sobre isto, e fermosamente narrada, pódese atopar en Agustín Fernández Paz, *O rastro que deixamos*, (Vigo: Edicións Xerais, 2011), 23-24.

2 Montse Pena Presas, “Beber soños: seis palabras arredor de Agustín Fernández Paz”, *Madrygal. Revista de Estudos Galegos*, 13 (2010): 147-150.

3 O máis significativo foi, sen dúbida, a Lei de normalización lingüística de 1983.

e creadoras de ficción) tamén abandeiraron a idea da renovación. Mais, quizais, o nome de Agustín Fernández Paz é o que se vencella con máis forza aos subxéneros de misterio e de terror. Alén disto, o seu compromiso ético –amosado en repetidas ocasións ao longo da súa vida–, a significativa exportación da súa obra a outros sistemas literarios (nun feito inédito no seu tempo no sistema galego) e a súa prematura morte, veñen de convertelo na icona definitiva da literatura infantil e xuvenil en Galicia, mais tamén nunha figura simbólica transversal a moitas sensibilidades.⁴ Temos entón os vimbios fundamentais: os motivos polos que a literatura e a lectura semellan ser importantes na obra de Fernández Paz. Mais cómpre concretar máis: que diferentes funcións cumpren os libros citados nas súas obras? Por que esa teima en trazar un sendeiro invisible de chanzos lectores? Cales son as estratexias empregadas para achegar a lectura ao lectorado en formación? E mirado dende outra perspectiva: que papel xogan as creacións de Fernández Paz nas obras dos escritores e escritoras máis novos?

As funcións da lectura: un mundo sen portas

Nos manuais sobre a creación de lectores e lectoras repítese case coma un mantra: a función principal da lectura é a de fomentar a imaxinación. Non obstante, as investigacións da antropóloga Michéle Petit,⁵ especializada na relación entre mozas e mozos e lectura, abriron considerablemente a percepción do que significa ler, explicando que a experiencia lectora plena conta con diferentes rexistros e que para vivila en toda a súa intensidade, todos eses rexistros deben ser indisociables. Agustín Fernández Paz coloca elementos na súa produción literaria que poden completar o círculo do que significa ler, como se comprobará a continuación. Entre as oportunidades que a lectura achega, Petit destaca as que se enuncian deseguido.

En primeiro lugar, poder ler significa conseguir acceso ao saber, aos coñecementos, o que permitirá que quen lea modifique o seu destino escolar, profesional e mesmo social. Ler serve para encarar a vida tamén dende un punto de vista práctico (como ocorre cando nos achegamos aos libros de cociña ou libros de patronaxe, mais tamén cando nos achegamos á lectura dun xornal). Sen dúbida, este é o tipo de experiencia lectora que máis se subliña dende a escola. Neste sentido, é manifesta a importancia que na produción literaria (e tamén na didáctica, onde gusta de formular actividades a partir do traballo con eles) de Fernández Paz teñen os xornais, nomeadamente en *Contos por palabras*, relatos escritos todos eles a partir de breves

4 Máis información sobre isto pódese ver en Montse Pena Presas, “Agustín Fernández Paz: o triunfo da literatura de fronteiras, o triunfo da educación literaria”, *Grial*, 211 (2016): 104-109.

5 Michéle Petit, *Nuevos acercamientos a los jóvenes y a la lectura*, (México: Fondo de Cultura Económica, 1999).

anuncios que se poden atopar na prensa. Precisamente, no limiar da súa última edición sinala: “Confésoo sen avergoñarme: ler cada día os xornais foi sempre unha necesidade imprescindible para min.”⁶

Outra das funcións da lectura sería conseguir apropiarse da lingua, dado que ás veces esta se erixe nunha poderosa barreira social. Aínda así, a práctica da lectura non garante totalmente o éxito escolar (alguén pode ter moito interese pola lectura de novelas e, porén, nulo interese en acceder a certos coñecementos que marca o currículo; e alguén pode ser tamén lector, mais ser pésimo no que se refire á ortografía). O máis significativo disto é que este manexo da lingua permita dar ferramentas e ter voz, o que é tan importante como poder rebelarse. A obra agustiniana, no seu conxunto, constitúe un esforzo continuo por que o lectorado consiga un acceso doado á lingua literaria galega. Hai unha procura constante da sinxeleza, que se manifesta mesmo con determinadas escollas léxicas, que garantan unha mellor comprensión por parte do público lector sen caer na simpleza lingüística, mais tamén nunha teima consciente por buscar a frase perfecta, que levaba ao autor a revisar unha e outra vez os seus textos.

O Fernández Paz creador busca, por riba de todo, comunicar, mais non comunicar en calquera idioma, senón facelo en galego e dende a posición que esta lingua ocupa no mundo. Na novela en que aborda a problemática lingüística de xeito máis evidente, *O centro do labirinto* (1997), unha epopea futurista que enfrenta a unha Europa dominada pola uniformidade na que se fala euroinglés con certas comunidades resistentes (as Zonas Non Controladas), coloca un grupo significativo de falantes de galego. Eles serán os encargados de explicarlle a Sara Mettemän (protagonista e membro da organización que domina o continente da sombra) que o galego non é unha lingua morta, senón unha lingua oculta, porque entre eles está moi viva.⁷

Poderosa metáfora para simbolizar ao lectorado xuvenil cal era a situación lingüística do galego nese momento: un idioma que era empregado maioritariamente pola poboación, mais ao cal lle faltaba unha significativa presenza nos espazos públicos. A mensaxe máis poderosa desta creación é a necesidade de defender a diversidade, xa sexa esta racial, social ou lingüística. Finalmente, David, fillo da protagonista, acabará aprendendo galego,⁸ feito que non só supón dominar unha lingua máis, senón que sobre todo lle permitirá ter novas perspectivas acerca do mundo ao posuír novos conceptos, novos xeitos de mirar.

A terceira función que Petit lle apón á lectura é a que permite apropiarse doutros espazos e doutros tempos, ou dito doutro xeito, a que posibilita ser capaz de pensar outras formas do que é posible. Esta

6 Agustín Fernández Paz, *Contos por palabras*, (Vigo: Xerais, 1991[2011]), 9.

7 Agustín Fernández Paz, *O centro do labirinto* (Vigo: Xerais, 1997), 176.

8 Así se amosa na última frase da obra, na que a súa amiga especial Brenda, pertencente ao grupo de falantes de galego resistentes, lle recita o potente verso de Xosé Luís Méndez Ferrín (pertencente ao poemario *Estirpe*): “Repite, os carballos”, 203.

experiencia que achega a lectura está moi relacionada coa imaxinación, con poder fabular. E a imaxinación, ademais de poder construír a fantasía, ten unha utilidade aínda máis significativa que se vencella coa empatía. Se podemos poñernos no lugar da outra, podemos sentirnos diferentes, sentirnos outros. Esta concepción ética da imaxinación, e polo tanto da lectura, vai moito máis alá do pracer –necesario– de fabular por fabular, xa que permitiría en palabras de Green:⁹ “aminorar la parálisis social de la que somos testigos en nuestro entorno y restablecer la sensación de que se puede hacer algo en nombre de la dignidad humana”.

Resulta complicado sinalar unicamente unha das referencias de todas as novelas e relatos de Fernández Paz que aluda a isto, porque en realidade toda a súa produción incide na posibilidade que achega a lectura para imaxinar eticamente, transformando a realidade. Quizais a máis explícita estea no relato “O libro das infinitas historias”, en que un propietario dunha librería de vello procura sen descanso unha obra que cambia constantemente cada vez que é lida, porque é a lectora a que modifica a historia a medida que atravesas esas páxinas. Así, explóranse as diferentes posibilidades que temos os receptores de cambiar un texto literario: “Es un Deus como lector”¹⁰, mais tamén os efectos que a literatura ten en nós, podéndonos transformar completamente.

Ora ben, de todas as experiencias que achega a lectura, quizais a máis importante sería a posibilidade de construírse a unha mesma, porque permite que nos identifiquemos (ou non) co texto, que rexeitemos o escrito ou que nos apeguemos a el coma se dun salvavidas se tratase. Petit¹¹ insiste así nas posibilidades que dá un texto para que nos nomeemos, para que nos expresemos e para que nos reconduzamos. A posibilidade de contar con palabras para dicir transforma, literalmente, a vida dunha persoa:

lo que determina la vida del ser humano es en gran medida el peso de las palabras, o el peso de su ausencia. Cuanto más capaz es uno de nombrar lo que vive, más apto será para vivirlo y para transformarlo. Mientras que en el caso contrario, la dificultad de simbolizar puede ir acompañada de una agresividad incontrolable. Cuando carece uno de palabras para pensarse a uno mismo, para expresar su angustia, su coraje, sus esperanzas, no queda más que el cuerpo para hablar: ya sea el cuerpo que grita con todos sus síntomas, ya sea el enfrentamiento violento de un cuerpo con otros.

Esta función, esta consecuencia da lectura, amósase dun ou doutro xeito, en case que todos os textos literarios. Porén, quizais esta posibilidade que achega a literatura de expresar quen somos se manifieste con máis forza na produción agustiniana que aborda directamente o tema da memoria histórica. Ocorre así claramente en *Noite de voraces sombras*, cando Sara se ve obrigada a durmir no cuarto do seu falecido tío-avó Moncho e manifesta: “meu pai di que se pode coñecer como é unha persoa examinando a súa

9 Maxine Green, *Liberar la imaginación. Ensayos sobre educación, arte y cambio social*, (Barcelona: Graó, 2005), 61.

10 Agustín Fernández Paz, *Contos por palabras*, 119.

11 Petit, *Nuevos acercamientos a los jóvenes y a la lectura*, 76.

biblioteca.”¹² Tempo despois, revisando eses libros, atópase con clásicos da literatura xuvenil como Salgari, Dumas, Verne, Stevenson, unha colección de obras de ciencia-ficción, libros de poemas en francés de Baudelaire, Verlaine etc, e un achado de pequenas xoias bibliográficas en galego, con primeiras edicións de Rosalía, Cunqueiro, Risco, Castelao ou Manuel Antonio.

Ocorre tamén en *Corredores de sombras*, cando Clara ve o pequeno baúl con libros de Ismael, o avó de Miguel, onde están tamén os principais autores clásicos galegos, canda a Verne, Gorki, Poe ou Flaubert. As bibliotecas son semellantes. Os personaxes de Moncho e Ismael aparecen entón xa definidos polo que len: agárdase deles a bohomía, pero tamén unha ideoloxía galeguista e de esquerdas (de feito, Moncho militara no Partido Galeguista). Curiosamente, as protagonistas de ambas as dúas novelas tamén aparecen definidas polo seu gusto pola lectura e pola música e, non por casualidade, hai un momento en que tanto Clara, como Sara, len a mesma obra: *Grandes esperanzas* de Charles Dickens. Non por acaso, vense acompañadas pola lectura dunha novela de formación nun tempo en que as dúas protagonistas van cambiar para sempre. Coas palabras de Dickens, Fernández Paz achégalles ás súas personaxes a posibilidade de poderen expresarse; coas historias de Clara e de Sara, o autor fornécelle ao seu lectorado da forza, da curiosidade e do coñecemento duns feitos históricos que considera que deben saber e achégalle, tamén, as claves e as palabras para poder preguntar. Vencellada a esa primeira función da lectura como ferramenta para acceder ao coñecemento, ofrécelles tamén a posibilidade de consultar libros de ensaio sobre o tema, como *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón* e *De cárcel en cárcel*, o libro memorialístico do escritor Diego San José.¹³

Ademais das bibliotecas, hai outro elemento que aparece na obra agustiniana que adoita servir como detonante para que as súas protagonistas se coñezan mellor: os diarios ou as cartas. Estas últimas tamén aparecen en *Noite de voraces sombras*, permitíndolle a Sara ter acceso de primeira man á historia de amor que o seu tío viviu coa que era a súa moza nos tempos da Guerra Civil, mais sobre todo ás dificultades e á represión sufrida por ambos os dous por defenderen as súas ideas. Da parella do seu tío-avó naquel tempo herda o nome, mais tamén, e grazas ás propias pescudas, un anel, que significativamente lle recorda a intrahistoria da súa familia, porta á Historia do país con maiúscula: “O anel segue comigo, lembrándome o pasado de onde veño e enchéndome de confianza cada novo día. Supoño que non ha ser fácil vivir, pero non teño ningún medo. Porque en min está o futuro.”¹⁴ Porque como manifestou nalgunha ocasión¹⁵ o autor, unha

12 Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras*, (Vigo: Edicións Xerais, 2002), 27.

13 *Ibid.*, 137.

14 *Ibid.*, 165.

das súas intencións con estas obras é que os seus libros axuden tamén a abrir as fosas do pasado. O xeito de facelo mirando ao futuro é xustamente transmitindo ás novas xeracións o ocorrido, para que coñezan o noso pasado colectivo e saiban dos camiños da intolerancia.

Estratexias para o achegamento das mozas e mozos á lectura: o virus que se contaxia

Hai pouco tempo, Manuel Bragado¹⁶ lembraba como en varios dos seus textos teóricos, o noso autor incide en que a lectura é cousa de todos, non só polo seu papel transformador no plano individual e colectivo, senón tamén pola responsabilidade que todas as persoas temos na súa difusión. Hai unha frase do escritor francés Daniel Pennac que di: “o verbo ler, como o verbo amar, non coñece o imperativo”. Agustín Fernández Paz sabía que de nada serve que as mediadoras e mediadores da lectura digamos “le”, como de nada serve que alguén lle diga ao obxecto do seu amor “ámame”.

Por este motivo, a súa obra literaria está sementada de estratexias, de posibles fórmulas que teñen como obxectivo que os seus lectores e lectoras, máis alá da súa propia obra se interesen por outros textos que poidan apelalos directamente. Neste senso, cómpre reivindicar a produción literaria de Agustín Fernández Paz tamén como unha magna campaña de animación á lectura, cuxos puntos programáticos principais se exporán a continuación (e que para maior comodidade do público lector destas páxinas se indicarán numericamente).

1. A lectura non debe nunca impoñerse, senón que debe contaxiarse. Ese contaxio, como se dunha enfermidade feliz se tratase, funciona moito mellor se a través del media o afecto, se a lectura supón momentos compartidos que logo atopan o seu pouso na memoria do lector ou da lectora máis nova. Ler con alguén ou ler para alguén é transmitir agarimo, como sinalan, por exemplo, as investigacións de Teresa Durán, que explica que, dende antes de ter a competencia lectora adquirida, as persoas queremos a quen nos le, como tamén amamos a quen nos fala.¹⁷ Porén, por este motivo, é bastante habitual que moitas das súas personaxes conten como alguén da súa familia ou mesmo un mestre inoculou neles o virus de devorar historias. Magnífico exemplo é este parágrafo en que Sara, a protagonista de *Corredores de sombra*, narra como chegou ela ao mundo dos libros:

Supoño que foi por miña nai por quen me fixen lectora, se é certo ese dito de que sempre ten que haber unha persoa que te contaxie. Mais non podo esquecer o importante papel que desempeñou Carlos, pois nas poucas semanas do ano que pasabamos xuntos sempre o lembro léndome contos (eses días era el quen mos lía antes de durmir, un rito que aos dous

15 Agustín Fernández Paz, *O rastro que deixamos*.

16 Manuel Bragado, “Azos de Agustín”, *Brétemas. Notas do traballo de edición* (2017).

17 Teresa Durán, *Leer antes de leer*, (Madrid: Editorial Anaya, 2002).

nos gustaba especialmente) e, sobre todo, poñéndose á miña altura para camiñar comigo. Agora que o penso, pouco lle podían gustar a el aquelas parvadas das *Aventuras dos Cinco* e outras semellantes que eu devoraba con entusiasmo cando eu tiña nove ou dez anos. Pero pedíalle que os lese e el tomaba o traballo de facelo, para así poder compartir comigo todo o que me gustaba.¹⁸

Esta sería a premisa principal, mentres que dela se derivarían todas as demais estratexias. Nunha variación desta premisa, (1b) a lectura é tamén un xeito de chegar, lembrar ou compartir coa persoa amada, como nos lembran a maioría dos relatos d'*O único que queda é o amor*, pero sobre todo o primeiro, na que a protagonista está disposta a mercar todos os libros onde van aparecendo as misteriosas tarxetas con treitos de poemas que lle deixa un descoñecido. Ocorre tamén así en "Historias de fantasmas",¹⁹ onde a muller recorre a *Punto cero*, o poemario de Valente que lle agasallara o seu home xa falecido. Algo semellante marca a Moncho e Sara en *Noite de voraces sombras*, que partillan, por carta, *A rosa de cen follas* de Cabanillas e *Veinte poemas de amor e unha canción desesperada* de Pablo Neruda, reiventando a linguaxe e facendo que eses versos formen parte do seu romance.

2. En consonancia con isto, a lectura aparece como ferramenta que nos abre a chave das emocións, desvelándonos sentimentos propios e alleos que non coñecemos. Isto supón, ademais, que ler apareza na produción de Fernández Paz como un misterioso e atractivo agocho privado que permite gorecerse do universo se así se sente preciso, como cando un está triste e non desexa ver a ninguén. En ocasións, as obras literarias convértense no "refuxio secreto no que se gorecía cada noite, un refuxio de palabras para conxurar a tristeza que ás veces medra en nós e nos anega por dentro."²⁰

3. A terceira estratexia arredor da lectura que se pode tirar da produción creativa agustiniá indica que a lectura é tamén cousa de xente nova, polo que a maioría das protagonistas adolescentes de Agustín decláranse abertamente lectoras e rachan con mitos sobre esta actividade, amais de reivindicala como unha afección da que se pode gozar en calquera momento da vida. En contraposición a elas, adoita haber algún carácter que se sente sorprendido porque unha moza atope pracer no acto de ler, o que lle axuda ao autor a continuar derrubando mitos:

Chamáballe a atención o da lectura; el xa estaba afeito a ver a súa nai con algún libro na man, así como a outras persoas maiores que viñan pola casa. Pero a ningún dos seus amigos e amigas se lle ocorría perder o tempo dese xeito. Quen sería esa rapaza tan rara?²¹

18 Agustín Fernández Paz, *Corredores de sombras*, (Vigo: Edicións Xerais, 2006), 81.

19 Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor*, (Vigo: Edicións Xerais, 2007).

20 *Ibid.*, 55.

21 Fernández Paz, *O centro*, 56.

4. Outra estratexia podémola atopar na idea de que a lectura é aínda algo máxico, unha característica que mellora a personalidade de alguén e, polo tanto, reservada a unhas e uns poucos privilexiados que formarían parte dunha sorte de sociedade secreta en que se manexan certas claves e distincións que o resto do mundo non posúe. Entre elas, a posibilidade de acceder a textos “prohibidos” segundo idades (Sara, en *Noite de voraces sombras*, le ás agochadas a literatura erótica que escribe a súa nai) ou situacións sociopolíticas (como demostran as dúas bibliotecas, con libros en galego, conservadas nas obras sobre a memoria histórica). Ler convértese así en algo atractivo e suxerente: “A miña vocación secreta era ser lector.”²² Igualmente, ter un libro entre as mans, permite ser críticos e críticas e, polo tanto, ser diferentes. Unha diferenza que no macro-texto de Fernández Paz sempre se marca abertamente en positivo.

5. A lectura é presentada coma un xogo, unha sorte de rede social primixenia en que cadaquén achega o que lle inqueda, mais sobre todo o que quere compartir. En moitas ocasións, ademais, un texto literario leva a outro, e logo a outro, e así sucesivamente, porque quen le moito acaba pedindo máis para ler. Isto mesmo o demostra o feito de que a maioría da produción agustiniana conta con paratextos previos das súas obras de referencia, que permiten marcar o horizonte de expectativas do lectorado e indicarlle o camiño do que se vai e non se vai atopar na historia. Así, no relato “Unha historia de fantasmas”, varios pelegríns deciden recitar os seus poemas preferidos, ata que o protagonista se anima cuns versos de Valente pertencentes a *Fragmentos de un libro futuro* e eses versos dan pé a unha nova historia.²³ Igualmente, n’*A neve interminable*²⁴, *Frankenstein* de Mary Shelly serve como *leit-motiv* e inspiración para que os guionistas da serie de terror liberen a súa creatividade.

En consonancia con isto, as referencias a libros que aparecen posibilitan que o lectorado poida encher con maior facilidade os baleiros literarios que se vai atopando ou comprender con maior profundidade determinados significados da ficción. Así, por exemplo n’*O centro do labirinto* David e Brenda, a súa nova amiga galega, comentan un fragmento d’*O príncipiño*. Nel, o pequeno príncipe aparece falando cun comerciante e discutindo sobre unhas píbulas pensadas para quitar a sede, que este comerciante vende para aforrar tempo. A resposta do protagonista é dicirlle que el prefere camiñar e ir ata unha fonte nese tempo que el pretende venderlle. Similares argumentos emprega a moza para explicarlle a David que o avance

22 Fernández Paz, *Noite*, 100.

23 Fernández Paz, *O único*, 75.

24 Agustín Fernández Paz, *A neve interminable* (Vigo: Edicións Xerais, 2015).

tecnolóxico e científico perde sentido nun mundo onde as desigualdades seguen medrando e as persoas estamos a acabar co planeta.²⁵

6. A lectura, en moitas ocasións, aparece como unha chave para conseguir a felicidade, para ter unha vida máis satisfactoria e máis plena, porque dalgún xeito o que se vive nos libros contribúe a facer a experiencia vital das lectoras e dos lectores moito máis intensa. En nosoutras recae tamén a reponsabilidade de transmitir aos demais a intensidade e a maxia que desprenden as páxinas de certas obras. O exemplo máis evidente desta estratexia é o relato “Un río de palabras”, no que o protagonista vai pegando fragmentos de libros nas farolas da súa cidade, con pequenos recortes para levar nos que consta o título e o autor da obra. Mais un día, ese magnífico virus lector -e con isto volvemos ao comezo- propágase polo aire mesmo:

Claro que a sorpresa maior tivena o seguinte luns. Cando me erguín para colocar as follas cun novo texto, atopeime con rúas enteiras aparecían repletas de papeis de cores por todas partes: nas esquinas das paredes, nos farois, nas portas dos comercios, nos semáforos, na parada do autobús... Todo o barrio estaba inundado de textos magníficos e de tickets que colgaban tentadores por baixo deles, coma os froitos maduros de árbores exóticas.²⁶

Conclusións: desenvolver a creatividade para cambiar o mundo

Parte do título destas conclusións está tirado da frase final coa que Fernández Paz rematou o seu discurso ao recoller o Premio Iberoamericano de SM²⁷ en 2011, palabras que curiosamente lle tomou prestadas ao que consideraba un dos seus mestres, no exercicio da pedagogía e da escrita, Gianni Rodari. O plan de animación á lectura inscrito nas súas obras de creación que veño analizando nestas páxinas ten esta última motivación: a crenza non só de que a literatura fai a nosa vida mellor, senón que nós podemos mellorar a vida dos demais precisamente porque con ela podemos cambiar o mundo. De novo, as ideas de Petit e de Green, expostas xa anteriormente, dende unha perspectiva complementaria. Repasamos as funcións da lectura dende a antropoloxía, o que acompañamos con exemplo de textos de Fernández Paz, e ademais debullamos as estratexias con que o noso autor pretende achegar a literatura á realidade do seu lectorado en formación.

Pero, alén disto, hai unha forza de fondo, que opera entre as funcións da lectura nas súas obras e as estratexias para achegala: a conciencia e a posta en práctica de que a prescrición é un substantivo case prohibido cando esta acompaña na mesma oración á palabra “lectura”. De aí esa mestura entre autores de diferentes tradicións e literaturas, canónicos e non canónicos, para público infantil e xuvenil e para o lectorado adulto. Esta diversidade, esta “anarquía lectora”, que atopamos entre as súas recomendacións é quizais a

25 Fernández Paz, *O centro*, 71-72.

26 Fernández Paz, *O único*, 172,

27 Agustín Fernández Paz, *Leer para transformar el mundo* (Vigo: Edicións Xerais, 2011).

clave mestra para que a animación á lectura poida funcionar. Víctor Moreno,²⁸ unha das voces experimentadas sobre formas posibles de traballar a lectura na escola, manifestaba que un dos mellores xeitos de fornecer ao lectorado en formación de obras era dotalos de “libros de todo linaje y profesión: clásicos, malditos, marrullerescos, eróticos, policíacos, pelandrusqueros, seborreicos, picarescos, cuentos escritos por los mismos alumnos y por el maestro”.

“Encántame provocar nos lectores o desexo de achegarse aos títulos dos que están extraídas unhas poucas liñas”,²⁹ sinalaba Fernández Paz n’*O único que queda é o amor*, a obra, de entre as súas que contén, de xeito máis explícito, unha homenaxe ao que supón a literatura na vida das persoas. Outra experta na lectura, Yolanda Reyes,³⁰ apunta que un lector autónomo non é o que le por obriga nin por prescripción, senón que fai da lectura un proxecto de formación permanente, vencellado ao seu proxecto de vida. Por iso, aprender a ler é unha tarefa que dura toda a vida e crear lectorado que continúe aprendendo a ler sempre é o mellor xeito de favorecer procesos educativos a longo prazo.

Esta é precisamente, a base de todo o proxecto literario de Fernández Paz, seguir construíndonos como lectoras activas. Non unicamente nas súas obras, senón máis alá deles. Esta idea, fermosamente utópica, e precisamente formulada funciona, pois, como xa apuntei noutro lugar,³¹ agora son as súas obras as que se poden atopar como referencia nos textos literarios do que chamei “Xeración do 83”, autoras e autores criados ao abeiro da Lei de normalización lingüística que, precisamente por isto, medraron canda as súas obras. Estas mencións atópanse a cabalo entre exercer un poder simbólico moi significativo, a homenaxe a toda unha produción e o recoñecemento do seu maxisterio no ámbito estético, pero tamén no ético. A formulación de Fernández Paz do que debe ser a animación á lectura dende a propia literatura segue así funcionando. Quizais porque o que fica sempre é o lectorado que se construíu grazas a unha poderosa andaina literaria.

28 Víctor Moreno, *El deseo de leer*. (Iruña: Pamiela Editorial, 1985), 99.

29 Fernández Paz, *O único*, 174.

30 Yolanda Reyes, “El lugar de la literatura en la vida de un lector”, *Espantapájaros* (2003).

31 Pena Presas, “Agustín Fernández Paz: o triunfo da educación literaria”, 108. Esta idea merecería, sen dúbida, un estudo completo sobre a cuestión.